




DE CATRO A CATRO

□ MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Norte

Coma un verso de Seamus Heaney: *I returned to a long strand (regresei ó extenso da ribeira)*. Veño de enchoupar a memoria no mar do Orzán, aí onde vagas sombras transitan ubi-

cuas a noite. Son púberes rostros de afogados, procesión de santos e inocentes, caravana de palabras en *Aurelio Aguirre*, evocación de Rosalía no tempo de Bastavales. ¿Por que antigos mortos dobran as campás? ¿Que pintor trazou decidido os retallos do avesos?

Celebrábase un encontro de escritores galegos, bascos e cataláns, a emigración e o exilio nas tres literaturas, na poesía de Celso Emilio Ferreiro, de Lorenzo Varela, de Luís Seoane, un norte tinguido polo ouro da tarde na viscontiana estampa do pazo de Mariñán. Xamais foi milagre o mundo, só vontade de vivir, estar, ser. Por alí foi visto Valle-Inclán paseando o desengano, o riso melancólico, a resurrección da carne nun retábulo de avareza, luxuria e imposible morte. Foi nese intre cando nas maus devecentes asomaron delicadas as rosas, as mapoulas da auga, os lirios, os caraveis.

Era *Galeuzca*, o día conmovido, o lóstrego do recordo. Arestora tamén a dama inmóbil anaina a brisa que lle bica a fronte pensativa. Ela, na outra banda do río, tiraba das lembranzas: ¿en que estancia xace o berce do meu meniño? Preguntáballe a Isolda que lía os versos de *Ricorditi di me*, un poema de Álvaro Cunqueiro: *Cortado fun antes de tempo,/ eu que quixen ser lirio e pasei por puta/ e o que sabía de bicar era por libro./ Nelo foise, co falcón na luva,/ sen agardar a que cantase a rula*.

Nos xardíns do pazo o peteiro marelo e purísimo do merlo acariciaba as follas breves dos carballos mentres a luz tecía fíos de branca neve para unha sonata de inverno e reiseñores: Eu son —dixo un cabaleiro de violín— El Rei do Outono. Veño das brañas de Itaca, talvez un soño. As damas escoitaban atentas. ¡Aí da memoria! exclamou. Alí estaban *Luz Pozo Garza, Ánxeles Penas, María, María Xosé Queizán, Pura Vázquez*. Ben poden elas dar fe. A rentes do estanque os peixes debuxaban nubes outonizas para *Luísa Villalta e Yolanda Castaño*. Bernardino Graña, nun recanto do serán, enguedelladas cos *ánjeles malva* de Juan Ramón Jiménez: señor, servido está o solpor nas xanelas do oeste. Do Merlín recolle herbiñas santas nos parte-

rres que caen máis ó sur.

Os ollos das vimbieiras ensaian bágoas de prata que ofrecen ó regato. Son bagullas emocionadas, redondas como naquela oitava de Pedro Salinas, lágrimas do mundo para as despedidas, estremecido lentor da mañá que o serán pon en delicada seda.

E sen embargo todos sabemós que non hai regreso, nin a esa hora, nin a esa muller do soneto esquecido. ¿Quen foi que trouxo a noticia? Pero foi así: partiu para sempre *Fernando Assis Pacheco*, os *Trabalhos e paixões de Benito Prada*, aquel que saudamos *non há muito* aquí en Vigo. Agora o vento percorre as congostras, deixa pegadas nos socacos, no asfalto que salouca. ¿Que foi do tempo, miña nai? ¿Acaso tamén fun eu soldado descoñecido? ¿E serei aquel poeta que derrubou a morte no areal de Tindari? ¿Por que devín en tantos que ignoro?

Norte, xa digo, diferente, distinto. Dalgún lugar regreso, dalgunha pasaxe olvidada. No ar de tres xornadas deste decembro de consumo, as festas son bombillas para aderezo das cidades: *et in Arcadia ego*, e gardo este almanaque nese mar interior que por no saber con certeza o nome chamamos corazón.